

# KARA WALKER

## AS SILUETAS E AS SOMBRAS

*Kara Walker (1969) é unha artista afroamericana que fai instalacións artísticas onde mistura debuxos, títeres, cine e escultura para facernos reflexionar sobre a historia da escravitude, sobre a raza, o xénero e a violencia. As súas obras máis características son siluetas negras de papel recortado que coloca sobre grandes paredes brancas xerando historias. Estes contos dos que nos fala non son sempre bonitos, non son historias de príncipes e princesas.*



### O ATRAPADOR DE SOMBRAS

*Actividades para minipementiñxs*

- **MATERIAIS:** Folios brancos, unha lámpada e os nosos xoguetes

Hai artistas que non precisan de pinturas nin lapis para crear. Kara Walker emprega as siluetas e as sombras nas súas obras.

1. Comezamos! Para esta actividade precisamos os nosos xoguetes! escolle os que máis che gusten.
2. Imos colocar os obxectos diante de un foco de luz, pode ser a luz que entra pola nosa ventá ou unha lámpada, de forma que se colocamos o noso



### REFLEXOS E SOMBRAS

*Actividades indicadas para pementiñxs*

- **MATERIAIS:** Folios, cds vellos, tesoiras, un lapis e celo.
- *Agardar por un día no que haxa luz solar e ter unha parede branca.*

1. Busca unha zona da túa casa preto dunha ventá para facer a actividade. Colle o cd e colócao polo lado brillante no lugar onde está reflectindo a luz do sol, tornandoo cara unha parede ou muro branco. Verás que ao darlle a luz directamente o cd reflicte un arco da vella sobra a superficie. Que pasa cando cambias o ángulo do cd?

**SILUETA:** é a forma dun obxecto ou figura na sombra, que se proxecta sobre un fondo claro. Lembrades que Peter Pan andaba sempre buscando a súa sombra? Pois a súa sombra sería a súa silueta. E a túa? podes atrapala?

**INSTALACIÓN ARTÍSTICA:** non é un cadro, nin unha escultura, é unha obra moi grande que ocupa as salas do museo, que pode saír á natureza ou ás rúas, e nós podemos estar dentro dela!

### AS SOMBRAS AO TENDAL

*Actividade para facer en familia*

- **MATERIAIS :** Fío ou corda, pinzas, unha tea ou saba branca, obxectos varios, arame (que se lle poda dar forma coas mans) e unha lámpada ou foco.

1. Propoñémosche crear un teatrillo de sombras coa túa familia.
2. Debemos colgar a saba branca de dous extremos. Podemos utilizar unha corda que vaia dun extremo ao outro e pegalo con cinta adhesiva na parede (podemos argallar outras formas de sostelo por dous extremos). Colgamos a saba coas pinzas. Colocamos un foco ou lampada detrás de xeito que se vexan as sombras reflectidas sobra a tea.

xoguete diante poida quedar reflexada a súa sombra no chan, nunha parede ou nunha mesa.

**3.** Colocamos un folio na zona onde se está a proxectar esa silueta e poñemos en marcha o noso atrapador de sombras.

**4.** Cun lápis percorremos as formas para poder debuxar as siluetas.

**5.** Podemos coller animais de xoguete, coches de carreiras, ou os nosos bloques de construción. Podemos facer combinacións entre eles.

Agora descolocamos os folios cos debuxos que atrapamos e temos que intentar saber onde está a sombra de cada obxecto.

Tamén podemos intentar atrapar a sombra dos demáis, da ávoa, do teu irmán, da túa nai... Se tes xardín podes ir en busca das sombras das árbores na herba.



*Sabías que as obras de arte non sempre son bonitas? unha obra de arte pode darnos medo, poñernos tristes, facernos rir, ou tamén nos pode facer pensar sobre cousas que pasan no mundo no que vivimos.*

*As obras gardan mensaxes ocultas.  
Que cres que pode ocultar esta obra de Kara Walker?*

**2.** Podes colgar varios cds na ventá para ver os efectos de luz e sombra que se producen na habitación.

**3.** Agora imos recortar un círculo do tamaño do cd nun folio. Podemos poñer o cd enriba e pasar un lápiz polo seu borde. Recortamos coa tesoura.

**4.** Dobramos o círculo en 4 partes, e co papel dobrado facemos cortes e sacamos anaquiños que sobran.

**4.** Desdobramos o papel e veremos que se xeran formas que se repiten a través dos recortes. Despois imos coller este deseño e o pegaremos co celo á parte do cd pola parte brillante.

**5.** Se volvemos a colocar o cd cara a luz do sol veremos que as formas que se reflicten contra a parede son novas.

**6.** Proba máis deseños!

**3.** Imos construír outro tendal por detrás da saba para poder colgar cousas, que se vexan as súas sombras e crear as nosas historias.

**4.** Co arame imos crear as nosas figuras arame, poden parecerse a algo ou poden ser inventadas. As colgamos con fío no tendal.

**5.** Podemos investigar con máis obxectos e materiais que tengamos na casa. Imos pensar en materias con diferentes transparencias e texturas. Emprega o teu propio corpo para xerar sombras, ti podes ser un personaxe ou podes ser unha paisaxe!

**6.** Tes xa público? Podes comezar a túa función. Inventa unha historia e sorprende o teu público. Non lles contes contos! Contalles unha historia de medo, unha historia para rir... Combínao con música, bailes...

**TEATRO DE SOMBRAS:** Para poder facer un teatrillo só precisas unha caixa de zapatos, rexeitamos a tapa e na base de caixa recortamos un rectángulo e pegamos un papel do forno para facer unha pantalla. Agora colocamos detrás unha lámpada ou foco (incluso pode servir a lanterna do móvil). Con cartolinas e estepos das espetadas mours podemos crear os nosos títeres.